



E mellor previr que curar

As especies exóticas invasoras, unha vez establecidas pode ser imposible o seu control. Todos somos quen de evitar este problema:

Coidado coas mascotas

Tartarugas, serpes, cotorras e outras mascotas, non debemos abandonalas á súa sorte no medio natural.

Si non podemos mantelas na casa, o mellor é cedelas a unha entidade responsable, como no caso das tartarugas de Florida e outras especies


¿Cómo podo axudar ?

- Se as adquires non as soltes no medio natural.
- Informa aos demais do problema que supoñen.
- Informa os axentes de Medio Ambiente (SEPRONA) da existencia de especies exóticas no medio natural.



Si tes unha destas tartarugas de auga doce como mascota, de querer desfacerse dela, non a soltes á contorna natural. Entrégaa no noso parque ou nalgún centro de recuperación de animais como o de Pontevedra en Cotobade.

Proxecto de Conservación



Recollida de galápagos exóticos procedentes de particulares




PROXECTO DE RECOLLIDA DE GALÁPAGOS EXÓTICOS PROCEDENTES DE PARTICULARES

Desde 2006, VigoZoo desenvolve un programa de recollida de tartarugas exóticas de distintas especies, principalmente *Trachemys scripta*, a tartaruga de Florida.

A súa venda comezou cara a finais dos anos 80 pero foi nos 90 onde se converteu nunha popular mascota. Estímanse en máis de 50 millóns de exportacións entre 1989 e 1997, desde os Estados Unidos ao longo de todo o mundo. O seu éxito como mascota foi debido a seu pequeno tamaño cando a vendían como cría, os seus relativos fáciles coidados e baixo prezo, pero co paso do tempo, cando aquela tortuguíña medraba, trababa e cheiraba mal, era abandonada sin saber as consecuencias que ese acto produciría a nivel medioambiental.

Recollida

Faise no despacho de billetes en horario de apertura do parque, onde se cumprimentará o documento de cesión. Unha vez recoñecidas polo veterinario, sexadas e marcadas nas escamas marxinais da cuncha, lévanse á corentena nas instalacións de hospitalización, para transcurrida a mesma se acomoden nos distintos recintos segundo o tipo de especie, onde contribuirán a labor educativa respecto á problemática da solta indiscriminada de especies exóticas ao medio natural, que como o caso da tartaruga de Florida poden acabar sendo Especies Invasoras.



A tartaruga de Florida, mascota perigosa.

Especie Invasora



Trachemys scripta elegans



¡Axúdanos a parar esta invasión!



Tartarugas ibéricas


Sapo-concho común



Emys orbicularis



Sapo-concho riscado



Mauremys leprosa



Principais especies recollidas no proxecto.



Mauremys sinensis



Trachemys scripta scripta



Trachemys scripta troosti



Trachemys scripta elegans



Trachemys scripta hibrida



Pseudemys nelsoni



Mauremys reevesii



Graptemys pseudogeografica



Pseudemys concinna

